

TEMA 21. O ESTABLECEMENTO DA II REPÚBLICA (FORZAS POLÍTICAS E CONSTITUCIÓN DE 1931)¹

Orientacións da PAU: O alumnado deberá explicar o proceso político que levou á implantación da II República e referirse ao contexto socioeconómico no que esta se establece; afondará nas distintas forzas políticas que se configuran neste período tanto a favor como en contra da fórmula republicana, analizando os seus principais trazos ideolóxicos e apoios, e comentará as principais características da Constitución de 1931.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a

- proclamación da II República
- forzas políticas do período (ideoloxía, partidos e apoios)
- constitución de 1931.

1. PROCESO POLÍTICO QUE LEVOU Á IMPLANTACIÓN DA II REPÚBLICA

O 29 de xaneiro de 1930, Miguel Primo de Rivera presenta a súa dimisión ao rei, que a acepta, e marcha a París, onde morre poucas semanas despois, enfermo de diabetes. Alfonso XIII reacciona entregando o goberno a outro militar: o xeneral Dámaso Berenguer. Encárgalle volver progresivamente ao sistema constitucional de 1876, como se nada, polo que esta ditadura de Berenguer pasou a ser coñecida popularmente como Ditabranda. Pero para entón, a impopularidade do rei é xa tan grande, que políticos de todos as cores (republicanos, nacionalistas, socialistas, antigos monárquicos...) reúnense en agosto de 1930 para acordar verbalmente o Pacto de San Sebastián. Aí forman un Comité Revolucionario para coordinar unha sublevación. Acordan intentar derrubar a monarquía para establecer unha república democrática, convocar despois eleccións libres a Cortes constituíntes (nova Constitución) e recoñecer no futuro a autonomía de Cataluña, Galicia e as provincias vascas.

En decembro, o artigo do filósofo Ortega y Gasset “A monarquía debe ser destruída”, e os dous intentos fracasados de golpe de estado en favor da república (en Jaca e Madrid) fan que o rei substitúa á fronte do Goberno a Berenguer polo almirante Aznar, quen decide convocar eleccións municipais para o 12 de abril de 1931.

2. PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA

As eleccións municipais convocadas polo almirante Juan Bautista Aznar para o 12 de abril de 1931 foron interpretadas coma un plebiscito entre monarquía e república. Aínda que o resultado foi de empate entre partidos monárquicos e republicanos, estes últimos arrasaron nas cidades, gañando en 41 das 50 capitais de provincia. No medio rural predominaron os concelleiros de candidaturas monárquicas. O resultados foron considerados como un apoio masivo ao establecemento da república. Algunhas cidades, Eibar foi a primeira, proclamaron directamente o cambio de sistema e dous días despois, o 14 de abril de 1931, proclámase oficialmente a Segunda República. Sen apoios e por medio dunha carta publicada na prensa, Alfonso XIII exíliase (sen abdicar). Declarará que a República era “unha treboada que pasará rapidamente”.

3. CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

Este contexto vén marcado pola Gran Depresión, nome que se lle deu á profunda crise económica iniciada co crac da bolsa de Nova York en 1929 e que tamén afectou a España, facendo descender a actividade económica.

Esta crise provocou tamén moita inestabilidade política, coas democracias cada vez máis cuestionadas en todo o mundo e os fascismos e as solucións autoritarias emerxendo como unha

¹ Texto base é de Miguel Abraira [https://drive.google.com/file/d/1ypCItYOTLqxJNU-zgbTktamXfsL1Y_GR/view] con algunha incorporación de Andrea Moreno [<https://docs.google.com/document/d/1L34cozLHtTuiLDx54ZBB1jxfdyHcQ0RMcOB3k-iEJQ/edit>], do libro “Breve Historia de España” de Julián Casanovas e Carlos Gil e do manual de Historia de España de 2º de Bacharelato da editorial Baía.

alternativa en auxe. Neste contexto, que coincide co inicio da Segunda República, é no que comeza a incubarse unha nova guerra europea da que a Guerra Civil española será o preludio.

Desde os seus comezos, a II República orixinou actitudes de apoio e rexeitamento que dividiron a sociedade española e crearon un ambiente de tensión que foi aumentando paulatinamente. Alén do contexto económico mencionado, podemos sinalar os seguintes factores:

- 1) Sociedade dividida, con fortes desequilibrios sociais e enfrontada entre os que aceptabas as reformas republicanas (as clases medias), os que esixían máis desexando a revolución social (xornaleiros agrícolas, obreiros industriais) e o bloque do poder tradicional (terratenentes, burguesía financeira e industrial, eclesiásticos) que non aceptaban as reformas e a perda de privilexios.
- 2) A disputa sobre o papel do catolicismo na sociedade, iniciada xa coa revolución liberal e que se agravou durante a II República. Enfrontou aos partidarios do catolicismo oficial cos da liberdade de consciencia e culto, da secularización e do laicismo.
- 3) Fragmentación e polarización política, derivada da liberdade política e da confrontación ideolóxica.

4. GOBERNO PROVISIONAL

Na mesma noite da proclamación da II República, o Goberno provisional, formado polos dirixentes do Comité Revolucionario no Pacto de San Sebastián, tomou as primeiras medidas:

- 1) Nomeou a Niceto Alcalá Zamora, como presidente do Consello de Ministros. Un ex-monárquico, católico e home de orde, que será imprescindible para manter ao apoio á República dos máis moderados. Neste goberno, por vez primeira, haberá tres ministros socialistas.
- 2) Decretou amnistía xeral
- 3) Proclamou as liberdades públicas e sindicais
- 4) Comezou a elaborar as liñas das grandes reformas e fixo unha declaración de intencións

Desde o 14 abril ao 14 de outubro de 1931, día no que Azaña substitúe a Alcalá Zamora tras dimitir este en desacordo co debate sobre o Estado laico na Constitución, o país estivo dirixido por ese Goberno Provisional. Este goberno non agardou para abordar as que consideraba tarefas máis urxentes:

- 1) Catalanismo: O 14 de abril, Francesc Macià (ERC) proclamou en Barcelona o Estado catalán e a república federal, e invitaba aos demais pobos de España a unirse á federación. Esta iniciativa supuña unha transgresión do Pacto de San Sebastián, no que se establecera que habían de ser as Cortes constituíntes as que decidisen sobre o novo modelo de Estado. O 17 de abril viaxaron a Barcelona varios ministros para negociar a situación. Acordan recoñecer o órgano autónoma da Generalitat e a ratificación polas Cortes dun estatuto elaborado polas forzas políticas catalás e aprobado en referendo en Cataluña.
- 2) Freo do conflito co clero: expulsando ao combativo cardeal Segura, arcebispo de Toledo e calmando a radicais anticlericais que en maio de 1931 queimaron arredor de cen edificios, feitos que quebraron a confianza da poboación católica na República.
- 3) Aprobación dunha serie de decretos: procuraban reformar cuestións clave como: a agricultura, a educación, o exército, a cuestión dos nacionalismos periféricos...
- 4) Convocar eleccións a Cortes constituíntes por sufraxio universal masculino e universal pasivo, é dicir, as mulleres podían presentarse para seren votadas pero non exercer o dereito a voto. Estas eleccións deron a maioría ao PSOE e aos partidos republicanos.

5. FORZAS POLÍTICAS

A proclamación da República permitiu a existencia e participación de diversas forzas políticas de todas as cores, mesmo a aquelas que eran contrarias á república:

5.1 DEREITA: Nun primeiro momento existe certa desorientación ante a proclamación da II República mais pronto comezan a xurdir partidos. Os partidarios das forzas políticas de dereitas son a oligarquía terratenente, burguesía financeira e industrial, mais tamén pequenos e medianos propietarios agrarios, obreiros e campesiñado católicos. Teñen posturas diversas que inclúen a oposición á democracia liberal., o antimarxismo a defensa da unidade da patria, dos dereitos da Igrexa ou a dereita republicana. Dentro da dereita destacamos os seguintes partidos e ideoloxías:

Monárquicos:

- Renovación Española (de Calvo Sotelo) afonsinos
- Comunión Tradicionalista, carlistas

Autoritario de base fascista

- Falange Española de las JONS (de Jose Antonio Primo de Rivera)

Republicanos:

- Partido Republicano Radical (de Alejandro Lerroux), de centro-dereita
- Dereita Liberal Republicana (de Niceto Alcalá-Zamora)

Nacionalistas periféricos

- PNV (vasco)
- Liga Catalana.

CEDA (Confederación Española de Derechas Autónomas). A partir do ano 1933 algún destes partidos agrupáranse nesta coalición católica e de dereitas baixo o liderado de Gil Robles converténdose no partido autoritario principal de dereitas.

5.2 ESQUERDA: Representan os intereses da clase obreira e dos xornaleiros agrícolas. En termos xerais avogan pola desaparición da propiedade privada e das diferencias de clase. Parte da esquerda fará oposición ao sistema republicano impulsando a revolución social e outra defenderá os seus gobernos. Dentro da dereita destacamos os seguintes partidos e ideoloxías:

Partidos de base marxista:

- PSOE (Partido Socialista Obrero Español), dirixido por Julián Besteiro e daquela o máis estendido e organizado (gaña as eleccións de xuño de 1931, primeiras da II República)
- PCE (Partido Comunista Español), que fora ilegalizado durante a ditadura de Primo de Rivera
- POUM (Partido Obrero de Unificación Marxista), partidario da revolución obreira

Partidos de base anarquista:

- CNT (Confederación Nacional de Trabajadores)
- FAI (Federación Anarquista Ibérica)

Partidos republicanos como:

- Acción Republicana (de Manuel Azaña)
- Partido Republicano Radical Socialista (de Marcelino Domingo e Victoria Kent)
- ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma), de Casares Quiroga

Partidos nacionalistas periféricos:

- ERC (Esquerra Republicana de Catalunya) de Francesc Macià
- Partido Galeguista, de Castelao e Alexandre Bóveda

6. CONSTITUCIÓN DE 1931

As eleccións a Cortes Constituíntes celebráronse o 28 de xuño de 1931 e deron o triunfo á alianza republicano-socialista. Alén de diversas reformas, estas Cortes foron as encargadas de redactar e aprobar unha nova Constitución. Constituíuse unha comisión formada maioritariamente por socialista e republicanos. Os debates parlamentarios foron intensos e tiveron moito eco na opinión pública.

As Cortes aprobaron a Constitución o 9 de outubro de 1931, con 368 votos a favor, ningún en contra e 89 ausencias de deputados de dereitas, en desacordo co artigo 26 que regulaba as relacións entre a Igrexa e o Estado. A Constitución non foi sometida a referendo popular. O seu articulado é de carácter progresista e dos máis avanzados a nivel mundial no seu tempo.

Destacamos as seguintes características:

- Definíase como unha REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DE TRABALLADORES DE TODAS AS CLASES, poñendo de manifesto o seu carácter democrático, social e republicano.
- SOBERANÍA POPULAR.
- SUFRAXIO UNIVERAL (incluídas as mulleres), que se aplica despois do tenso debate entre Victoria Kent (PRRS, partidaria de retrasar uns anos o voto feminino) e Clara Campoamor (Partido Republicano Radical, partidaria de aprobalo canto antes)
- Forma de goberno: REPÚBLICA PARLAMENTARIA, cun xefe de Estado que é o Presidente da República elixido polas Cortes cada 6 anos. Ademais hai un Presidente do goberno elixido polo Parlamento en cada lexislatura.
- DIVISIÓN DE PODERES: executivo no Presidente do goberno e ministros, lexislativo nas Cortes e xudicial nos tribunais, independentes.
- ESTADO É LAICO, con separación entre Igrexa e Estado. Suprimíase o orzamento á Igrexa, os cemiterios son secularizados e prohíbese ás ordes relixiosas dedicarse ao comercio, industria e educación. A discusión deste artigo motivou a dimisión de Niceto Alcalá Zamora como presidente do Goberno en outubro de 1931. En decembro pasará a ser Presidente da República.
- Recoñécese o MATRIMONIO CIVIL e o DIVORCIO.
- Organización territorial: ESTADO DESCENTRALIZADO, DIVIDIDO EN COMUNIDADES AUTÓNOMAS. Inicio da tramitación dos ESTATUTOS DE AUTONOMÍA.
- Ampla declaración de dereitos e liberdades: aos dereitos clásicos únense a liberdade de reunión, asociación, sindicato, á educación (ensino primario obrigatorio e gratuíto), e dereitos de tipo social (protección da familia e do traballo).
- SISTEMA ECONÓMICO MIXTO: respecto á propiedade privada xunto coa posibilidade de expropiación e nacionalización por parte do Estado en interese público.

Cabe destacar a importancia histórica de moitas das reformas republicanas como o sufraxio feminino ou a creación dos estatutos de autonomía, pero tamén a forte polarización política e social, que acabará desembocando na guerra de 1936.